



Benqueridas familias:

A ANPA do IES Val Miñor porá en marcha un banco de libros de texto para o curso 2023-2024 do que poderá beneficiarse todo aquel alumnado cuxas familias sexan socias da ANPA.

Contamos cunha subvención do Concello de Nigrán e fondos da propia ANPA para facer fronte a unha parte importante da inversión inicial que precisa esta iniciativa.

Os libros entregaranse en modalidade de empréstito e cada curso solicitarase unha pequena cantidade por libro, a fondo perdido, que permita que o banco de libros sexa sustentable no tempo, de xeito que en vindeiros cursos o alumnado socio poida seguir beneficiándose do mesmo.

Para xestionar o banco de libros a ANPA adherirase á plataforma AMPA fácil, para o que é imprescindible cubrir a ficha que se achega (dispoñible tamén na sección da ANPA da páxina web do IES val Miñor).

Lembrede que para poder gozar desta medida é preciso facerse socios da ANPA para o que deberedes ingresar 15€ no número de conta:

ES63 2080 5052 1730 0016 3569

Indicando no **concepto** o **nome do/s voso/s fillo/s** e **os dous apelidos**.

Un saúdo,

A directiva da ANPA IES Val Miñor